

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Riotorto para a execución da obra "M.22011- Rede de saneamento do lugar de Galegos. Fase II. Riotorto (Lugo)"

1 Antecedentes

O lugar Galegos, sito no Concello de Riotorto, é un núcleo rural diseminado que non conta cunha rede de saneamento.

O 21 de xuño de 2022 o Concello de Riotorto acordou aprobar o expediente de contratación da obra "Rede de saneamento no lugar de Galegos. Fase I", financiado polo Fondo de Compensación Ambiental.

2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello que permitan ao Concello executar a obra "M.22011- Rede de saneamento do lugar de Galegos. Fase II. Riotorto (Lugo)".

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

O lugar Galegos, sito no Concello de Riotorto, carece de rede de saneamento. O concello vai executar unha actuación financiada polo Fondo de Compensación Ambiental para dotar ao citado lugar dunha rede de saneamento adecuada; se ben polo carácter diseminado do núcleo rural non resulta posible a execución de toda a rede de saneamento con cargo aos fondos dos que dispón a entidade local, motivo polo que o concello solicitou auxilio económico a Augas de Galicia para



poder levar a cabo a segunda fase sen solución de continuidade, dotando así a todas as vivendas do lugar de Galegos dunha rede de saneamento adecuada.

A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do saneamento ten por finalidade contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do



ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei. Asemade, en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto nos artigos 19.4 c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia

4 Estimación de custos e financiamento

O custo total das actuacións contempladas neste convenio ascenden a corenta e nove mil oitocentos trinta e nove euros e oitenta e tres céntimos (49.839,83 €) que serán financiados por Augas de Galicia, con cargo á conta 6566 "Subvencións de capital. A corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo a anualidade 2022.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela

A directora de Augas de Galicia

Teresa María Gutiérrez López

(documento asinado dixitalmente)

